

O TEU NOME É MINÚSCULO

(Soletrear o teu nome minúsculo
ata estoupar a raíz do verbo ser)

Columnas do partenón salgadas,
as pequenas ateneas de mármore case branco
levan a panxea no cesto coas sardiñas.

Co nó ao pescozo, chantan os pés
e ao seu paso, ábrese o mundo:
gubias na madeira, bestas na semente,
compositoras da melodía universal
pendurada nun reloxo que non para.

Vixiante mudo, o paradigma do entendemento,
non repará en que a auga
lle chega até os zapatos.

Percorridos pendulares.

A caixa torácica expándezese
soletrear ata gritar
ata ser incapaz de respirar
sobrevoar constelacións mariñas
sentir a brea calando entre as costelas
entender que se pertence
a un lugar, a unha terra.

O teu nome é Minúsculo.

Míriam Ferradáns Ferradás (Bon, 1982)